



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Marzo 2024

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en marzo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do -1,1% e no conxunto de España do -1,6%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,3% mentres que diminúen no Resto de produtos un 2,0%.
- As vendas minoristas diminúen en once comunidades autónomas no mes de marzo.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 1,7% en Galicia no mes de marzo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 1,1%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,0% en Galicia e do 2,2% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas no mes de marzo.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Marzo 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	94,4	-1,1	1,2
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	93,1	-0,9	1,0
<b>Alimentación</b>	92,1	1,3	1,7
<b>Resto</b>	97,2	-2,0	1,5


Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-0,9	1,0
Xeral sen estacións de servizo	0,7	0,4
Alimentación	-1,6	0,5

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do -1,1% en Galicia en marzo de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do -1,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 0,9% en Galicia e un 1,4% en España respecto a marzo de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 1,3% e non varía no conxunto de España, 0,0%.
- O Resto de produtos diminúe un 2,0% en Galicia e un 1,8% no conxunto do Estado.




No primeiro trimestre do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,2% en Galicia e un 1,7% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,7% en Galicia e 2,0% en España) como no Resto de produtos (1,5% en Galicia e 2,7% en España).

## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en once comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Cantabria (4,3%) e Canarias (1,7%). As maiores caídas preséntanse en Madrid (-7,0%) e Illes Balears (-4,3%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2024

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, o índice aumenta en quince comunidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Cantabria (4,8%) e Canarias (4,1%). Rexistran taxas negativas Madrid (-0,5%) e Murcia (-0,3%).

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 1,7% en Galicia no mes de marzo de 2024, e un 1,1% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 1,9% en Galicia e do 1,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 5,8% e no Resto de produtos diminúen un 1,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 4,3% nas vendas en Alimentación e unha caída do 1,4% no Resto de produtos.

No tres primeiros meses do ano, o índice medra un 4,4% en Galicia e un 4,8% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 7,6% tanto en Galicia como en España. As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,3%) que en Galicia (2,6%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,0% no mes de marzo en Galicia e do 2,2% no conxunto do Estado.


No primeiro trimestre do ano, a ocupación diminúe en Galicia (-0,1%) e aumenta en España (2,1%).

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (5,7%), Andalucía (3,3%) e Illes Balears (3,1%). Diminúe o persoal ocupado en La Rioja (-0,9%) e Extremadura (-0,8%).

##### Índice xeral de ocupación. Marzo 2024

##### Taxas de variación en %



No que vai de ano, a ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas. Madrid (5,6%) e Andalucía (3,0%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-1,3%), Extremadura (-0,9%) e Galicia (-0,1%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	112,7	1,7	4,4	94,4	-1,1	1,2
Xeral sen estacións de servizo	111,3	1,9	4,7	93,1	-0,9	1,0
Alimentación	118,4	5,8	7,6	92,1	1,3	1,7
Resto	106,0	-1,2	2,6	97,2	-2,0	1,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	119,9	1,1	4,8	100,3	-1,6	1,7
Xeral sen estacións de servizo	118,6	1,2	5,2	99,2	-1,4	1,7
Alimentación	125,9	4,3	7,6	98,1	0,0	2,0
Resto	113,0	-1,4	3,3	104,4	-1,8	2,7

Fonte:INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	119,7	3,1	3,4	100,9	0,5	0,3
Xeral sen estacións de servizo	119,3	3,8	3,7	99,5	0,6	0,0
Alimentación	120,9	6,7	6,4	94,1	2,3	0,6
Resto	117,0	1,0	2,1	105,8	0,7	1,1
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	126,4	3,9	4,4	104,6	0,6	0,9
Xeral sen estacións de servizo	125,6	4,3	4,8	104,0	1,1	1,0
Alimentación	127,2	5,1	6,2	98,8	0,6	0,3
Resto	123,7	2,7	3,3	112,0	2,5	2,7

Fonte:INE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>119,9</b>	<b>1,1</b>	<b>4,8</b>	<b>100,3</b>	<b>-1,6</b>	<b>1,7</b>
Andalucía	121,3	2,7	6,8	101,4	0,2	3,6
Aragón	114,7	-1,1	3,9	95,5	-3,8	0,9
Asturias	116,0	1,2	3,6	97,4	-0,7	1,2
Balears, Illes	113,8	-1,8	3,4	95,6	-4,3	0,5
Canarias	137,6	4,6	7,4	116,1	1,7	4,1
Cantabria	119,8	6,8	8,0	100,7	4,3	4,8
Castilla y León	117,7	0,6	3,5	97,4	-2,2	0,4
Castilla-La Mancha	119,0	1,7	5,6	97,7	-1,0	2,3
Cataluña	118,7	2,5	5,4	99,5	-0,5	2,1
Comunitat Valenciana	121,2	3,9	5,5	101,7	1,2	2,5
Extremadura	119,4	3,6	4,8	99,8	1,3	1,7
<b>GALICIA</b>	<b>112,7</b>	<b>1,7</b>	<b>4,4</b>	<b>94,4</b>	<b>-1,1</b>	<b>1,2</b>
Madrid	120,8	-4,4	2,6	101,6	-7,0	-0,5
Murcia, Región de	115,2	-0,7	2,5	95,9	-3,2	-0,3
Navarra	118,6	3,1	5,8	99,0	0,2	2,6
País Vasco	118,0	0,3	4,0	98,6	-2,7	0,7
Rioja, La	117,9	2,0	4,3	98,1	-1,0	0,8
Ceuta	115,8	0,2	3,4	96,6	-3,0	-0,1
Melilla	111,0	2,8	5,5	93,1	0,8	2,7

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	102,4	0,0	-0,1
Xeral sen estacións de servizo	102,3	-0,2	-0,2
<b>España</b>			
Xeral	104,2	2,2	2,1
Xeral sen estacións de servizo	104,2	2,2	2,1

Fonte:INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.**  
**Marzo 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>104,2</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>
Andalucía	106,2	3,3	3,0
Aragón	100,3	0,2	0,8
Asturias	98,0	1,0	1,0
Balears, Illes	106,4	3,1	2,7
Canarias	109,1	2,5	2,5
Cantabria	101,3	1,1	0,8
Castilla y León	101,7	0,4	0,5
Castilla-La Mancha	104,4	1,8	1,6
Cataluña	101,4	1,1	0,8
Comunitat Valenciana	104,6	2,0	2,1
Extremadura	103,1	-0,8	-0,9
<b>GALICIA</b>	<b>102,4</b>	<b>0,0</b>	<b>-0,1</b>
Madrid	107,6	5,7	5,6
Murcia	99,4	0,4	0,2
Navarra	101,1	0,3	0,2
País Vasco	102,2	0,3	0,3
Rioja, La	100,6	-0,9	-1,3
Ceuta	99,1	1,6	0,2
Melilla	100,9	0,1	-0,5

Fonte: INE